



LAGOAS DE PRADORRAMISQUEDO

Adela Leiro, Mon Daporta



Distancia: 5 km
Dificultade: media
Duración: 2 horas

Pradorramisquedo é unha parroquia de Viana do Bolo, situada ao leste do concello, ocupando a última parte chan do val do Bibeí entre as serras Calva, polo oeste, e Segundeira, polo leste; o seu núcleo de poboación é a única localidade galega que se asenta ao leste dos cumes das serras orientais. Forma parte do LIC Pena Trevinca e atópase no medio do maior conxunto de lagoas de montaña de Galicia. Ao atractivo das paisaxes hai que engadir unha rica e variada flora e fauna típica das áreas de montaña con ecosistemas de mato, lagoas e turbeiras nas que se atopan algunhas especies pouco comúns.

Propoñemos desta volta unhas camiñadas para coñecer o lugar, e un grupo de pequenas lagoas, bastante colmatadas, que ocupan as numerosas depresións que hai nos cumes do Cabezo Grande.

COMO CHEGAR:

En Vilavella collemos a antiga estrada en dirección á Canda e nela, ao pouco de deixar Vilavella, un desvío á esquerda que indica Porto; percorremos uns 18 quilómetros por esta estrada ata chegar ao desvío a Pradorramisquedo. No camiño, que percorre o val encaixado do Bibeí, pasamos pola localidade de Pías e ao pé da central de San Sebastián.

Para facer a ruta das lagoas temos que continuar cara a Porto e de seguido a estrada, para remontar o desnivel e a altura da presa, fai unha volta pechada á dereita e despois dun tramo en subida outra á esquerda para recuperar a dirección de Porto, un pouco antes de rematar este segundo tramo sae un camiño á dereita que, en 1,5 km de bastante pendente, nos leva aos cumes do Cabezo Grande onde, levando un mapa, é doado facer o percorrido por todas as lagoas que pola parte alta non presenta apenas desniveis, e se facemos a baixada polo mesmo camiño completamos uns 5 quilómetros e medio; pero antes de baixar non podemos deixar de achegarnos ao punto onde están as antenas para gozar da fermosa panorámica de toda a extensión da parroquia de Pradorramisquedo, desde os cumes ata o val e o encoro, o que alonga o percorrido outro quilómetro e medio. Despois de baixar non podemos pasar sen achegarnos á localidade a pé desde a estrada ou en coche, algo máis de un quilómetro ida e volta, cruzando a parte chan do val.

A ruta tamén se pode facer circular baixando polo camiño, menos coidado, que pasa preto da lagoa das Maseiras e remata na estrada pola que hai que camiñar uns 3 km. A distancia que se percorre e bastante máis longa, uns 9 km.


Para ver as fervezas e o traballo do Bibeí hai que facer dúas paradas, unha antes de chegar a Pradorramisquedo, onde se ven os cachóns á esquerda da estrada aos que podemos achegarnos baixando por uns prados un pouco máis adiante; e outra no desvío ao lugar, onde se poden ver unha sucesión de pozas excavadas nas rochas de gran separadas por pequenos saltos.



Lagoa Herbosa



O Cabezo Grande desde a estrada de Porto.



Val do Bibeí e encoro de San Sebastián desde o Cabezo Grande



Pradorramisquedo desde o alto do Cabezo Grande



Papuxa montesa (*Sylvia undata*), un pequeno paxaro habitual dos matos de breixos.



Caravel de monte (*Dianthus laricifolius*)



Xesta (*Cytisus oromediterraneus*).



Lagoa Longa



Sobre os neis dos cumes destacan as formas redondeadas dos matos de *Echinopartum ibericum*, unha adaptación ás condicións de vida da montaña.



Lagoa da Moza, a máis grande do conxunto.



O Bibei na entrada de Pradorramisquedo excavou un pequeno canón e pozas na pedra de gran.



Fervenza no Bibei, á entrada de Pradorramisquedo.